

C. OUTROS USOS DA MAIÚSCULA

Ademais dos seus usos para marcar a posición dunha palabra no texto e para salientar certas voces, as maiúsculas tamén teñen outros usos.

a) As maiúsculas nas siglas

CASO	CON MAIÚSCULAS
Siglas	<i>ONG</i> (organización non-gobernamental) <i>ILG</i> (Instituto da Lingua Galega) <i>ONU</i> (Organización das Nacións Unidas)

b) As maiúsculas nos números romanos

CASO	CON MAIÚSCULAS
Número dos séculos	<i>século I antes de Cristo, século XXI</i>
Número de edición dunha actividade	<i>V Xornadas sobre Delincuencia Xuvenil</i>
Tomos e partes dunha obra maior	<i>tomo II, parte IV</i>
Dinastías, papas, reis e emperadores	<i>atoparon restos das dinastías XI e XII do Antigo Exipto</i> <i>Xoán XXIII, Isabel II, Carlos V</i>

c) A escrita en maiúsculas

CASO	CON MAIÚSCULAS
Titulares	<i>GALICIA EN 314 CONCELLOS</i> <i>1. INTRODUCCIÓN</i>
Corpo do texto	<i>SOLICITA</i> <i>EXPÓN</i>

d) Observacións

1. Siglas lexicalizadas

CASO	CON MINÚSCULAS
Siglas lexicalizadas	Siglas lexicalizadas: <i>láser</i> (light amplification by stimulated emission of radiation) <i>ovni</i> (obxecto voador non identificado)

2. Escrita en maiúsculas

CASO	ESCRITA EN MAIÚSCULAS	ESCRITA CON INICIAL MINÚSCULA
Acentuación obrigatoria das maiúsculas	<i>LÁPIDA, CÁLIZ, CAFÉS</i>	<i>Ámbito, Ímprobo, Éter</i>
Escrita dos dígrafos	<i>CHARO, LLENCIAS, GUERRA, QUEIXO, CORRER, UNHA</i>	<i>Charo, Llencias, Guerra, Queixo</i>